



1. DATOS DA ACTIVIDADE

NOME: Convenios, encargos a medios propios e encomendas de xestión na universidade

CONVOCATORIA: Convocatoria Universidades

GRUPO: Cursos EGAP - Universidades

ÁREA: Réxime xurídico e actividade contable das administracións públicas

CUALIFICACIÓN:	APROVEITAMENTO	PLAN:	F. FINALISTAS	HORAS:	20
ADMINISTRACIÓN:	UNIVERSITARIA	ESTADO:	CONVOCADO	ANO:	2019
MOD.IMPARTICIÓN:	TELEFORMACIÓN	TIPOLOXÍA:	XERAL	EDICIÓNS:	1

DATA MATRÍCULA: Do 26/03/2019 - 08:00h ao 08/04/2019 - 23:55h

2. DESCRICIÓNS

DESCRICIÓN CURSO

O presente curso ten por obxecto o estudo de tres técnicas de auto-organización e de colaboración ás que habitualmente recorren as Administracións públicas, en particular, as Universidades, para o exercicio das súas funcións: convenios de colaboración, encargos a medios propios e encomendas de xestión. Primeiro, a Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico das Administracións Públicas e, recentemente, a Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, introduciron importantes novidades na súa regulación, resolvendo, en parte, a inseguridade xurídica existente ata o momento. Sen embargo, continúan sendo moitas as dúbidas que xorden respecto das devanditas figuras, derivadas dunha disciplina aínda insuficiente, ás que se tratará de dar resposta nos diferentes temas que integran o programa.

DESTINATARIOS

Persoal de administración e servizos (PAS) das Universidades do Sistema Universitario de Galicia (UDC, USC e UVigo).

PROGRAMA

Tema 1: Introducción: As relacións de colaboración interadministrativa.

1.Delimitación conceptual.

2.Réxime xurídico.

3.Instrumentos de colaboración.

Tema 2: Os convenios de colaboración.

1.Definición e réxime xurídico.

2.Suxeitos, contido, procedemento, eficacia e extinción.

3.As relacións de colaboración público-público excluídas do ámbito de aplicación da LCSP.

Tema 3: Os encargos a medios propios.

1.Definición e réxime xurídico.

2.Encargos dos poderes adxudicadores a medios propios personificados excluídos da LCSP.

3.A regulación dos encargos a medios propios contida na lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia á luz da nova LCSP.

Tema 4: As encomendas de xestión.

1.Definición e réxime xurídico.

2.Elementos esenciais.

3.A regulación das encomendas de xestión contida na lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia á luz da Lei 40/2015.

CRITERIOS DE SELECCIÓN

Criterios xerais da EGAP, segundo a Resolución do 4 de xaneiro de 2008 (DOG do 10 de xaneiro de 2008).

3. DATOS EDICIÓNS

T01

LOCALIDADE: TELEFORMACIÓN

INICIO / FIN: 24/04/2019 a 14/05/2019

NUM. PRAZAS: 50

ESTADO: NORMAL - (DIPLOMAS EM.)

DATA EXAME: 20/05/2019 ás 16:30h

DOCENTES NOMEADOS

Diana Santiago Iglesias

LUGAR DE REALIZACIÓN

AULA 3 (Informática): O día 20 de maio de 16:30 a 17:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

AULA 4 (Informática): O día 20 de maio de 16:30 a 17:29. EGAP, Rúa Madrid, 2-4, CP15707, SANTIAGO DE COMPOSTELA

A CORUÑA: Soto do Edificio Administrativo de Servizos Múltiples, Praza Luis Seoane s/n.

FERROL: 1ª planta, Oficina Coordinadora da Delegación de Presidencia e Administración Pública, Praza Camilo José Cela, s/n

LUGO: AULA TERRA, Edificio da Biblioteca Intercentros; planta soto, Campus Universitario de Lugo.

OURENSE: Aula Informática da Biblioteca Rosalía de Castro (3º andar).

PONTEVEDRA: Baixo, Delegación da Presidencia e Administración Pública. Avda. María Victoria Moreno, 43.

VIGO: Sala IV do Edificio Miralles.